

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR (FUNDACIÓN CETMAR) E A FUNDACIÓN AYUDA EN ACCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "MELLORA DOS MEDIOS DE VIDA E A SEGURIDADE ALIMENTARIA DA POBOACIÓN MEDIANTE O FORTALECIMENTO DAS CADEAS DE VALOR DA PESCA E A ACUICULTURA", NO DISTRITO DE NAMAACHA, MOZAMBIQUE.

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte,

Paloma Dolores Rueda Crespo, na súa calidade de directora xerente da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (en diante Fundación CETMAR), clasificada como de interese benéfico-social por Orde da Consellería da Presidencia e Administracións Públicas do 2 de xullo de 2001 (DOG do día 13 do mesmo mes e ano), e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura do 20 de xullo de 2001 (DOG do día 27 do mesmo mes e ano), figurando inscrita co número 2001/15, e que intervéñ por conta e en representación da devandita Fundación, con capacidade para vinculala neste acto e en exercicio das facultades delegadas por acordo adoptado polo seu Padroado na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2009.

Fernando José Mudarra Ruiz, director xeral da Fundación Ayuda en Acción, actuando en nome e representación dela en virtude dos poderes dispostos no seu nomeamento por acordo do Padroado da Fundación Ayuda en Acción adoptado o 30 de setembro de 2016 conforme aos seus Estatutos (certificado e elevado a público o 05.10.2016 ante o notario de Madrid Luís Quiroga Gutiérrez).

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,



EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece, no seu artigo 81, como obxectivos da política pública de cooperación para o desenvolvemento, fomentar que todos os seres humanos poidan ampliar as súas opcións e capacidades para gozar dunha vida digna, próspera e plena e que o desenvolvemento económico, social e tecnolóxico se produza con criterios de xustiza social.

Así mesmo, no seu artigo 84.2 establece as modalidades da Cooperación Galega, sinalando no ámbito da cooperación exterior o investimento para o aumento do capital físico, humano, social e tecnolóxico, e o desenvolvemento sustentable e inclusivo dos sectores produtivos.

Que a Xunta de Galicia, de acordo co exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación para o desenvolvemento e co establecido no seu IV Plan director (2018-2021), actualmente prorrogado durante o 2022, ten como desafío o reforzamento do modelo de actuación nos países prioritarios e comunidades socias, entre os que se atopa Mozambique, con base no establecemento de alianzas territoriais multiactor e multinivel, nos sectores de especialización da Cooperación Galega como é o caso do sector pesqueiro e acuícola.

En consonancia co anterior, o Plan anual 2022 da Cooperación Galega establece que se dea continuidade á cooperación con entidades para actuacións de cooperación no exterior en materia de pesca e acuicultura e propón que se continúe coa colaboración con CETMAR no financiamento de proxectos de asistencia técnica, no ámbito pesqueiro e acuícola, que faciliten a transmisión de coñecementos e tecnoloxía aos países do Sur (Perú, Cuba, Mozambique, etc.).

Segundo.- Que a Fundación CETMAR é unha fundación pública de interese galego con máis de 20 anos de experiencia e que ten entre os seus obxectivos colaborar no desenvolvemento do sector da pesca e acuicultura, executando proxectos pesqueiros e acuícolas cun enfoque de cooperación para o desenvolvemento e soberanía alimentaria.

Terceiro.- Que a Fundación Ayuda en Acción é unha ONGD que leva traballando no ámbito de cooperación para o desenvolvemento 40 anos coa misión de promover a solidariedade das persoas no mundo global para impulsar que a infancia, as súas familias e poboacións que sofren pobreza, exclusión e desigualdade, desenvolvan as súas capacidades para conseguir unha vida digna, de modo sostible.

A Fundación Ayuda en Acción desenvolveu actuacións en Mozambique, onde conta cunha delegación legalmente establecida e cun equipo humano con capacidade suficiente para levar adiante actuacións neste territorio

Cuarto.- Que ambas fundacións comparten a conciencia da importancia de apoiar intervencións de cooperación para o desenvolvemento que favorezan o progreso dos pobos máis necesitados, así como a importancia de buscar sinerxías coincidentes entre as distintas realidades do sector para a execución de tales intervencións. Entre as actuacións que pretenden realizar está a realización conxunta dun proxecto no distrito de Namaacha en Mozambique denominado “Mellora dos medios de vida e a seguridade alimentaria da poboación mediante o fortalecemento das cadeas de valor da pesca e a acuicultura”.

Que as dúas organizacións coas que se asina o presente convenio teñen personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e contan, así mesmo, con experiencia e competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento, tendo establecido para a realización deste proxecto un convenio de colaboración asinado o pasado 16 de marzo de 2022.

Quinto.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, segundo o disposto no artigo 40 do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, é o órgano que ten atribuídas as competencias en materia de cooperación ao desenvolvemento e considera axeitado e conveniente a posta en marcha desta Iniciativa.

A singularidade e especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza específica das entidades destinatarias da subvención así como a súa necesaria posta en marcha, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Sexto.- Por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Fundación CETMAR e a Fundación Ayuda en Acción para a realización do proxecto “Mellora dos medios de vida e a seguridade alimentaria da poboación mediante o fortalecemento das cadeas de valor da pesca e a acuicultura”.

A intervención ten como obxectivo xeral o de contribuír á mellora das condicións de vida e a seguridade alimentaria e nutricional nas comunidades do distrito de Namaacha

(Mozambique).

SEGUNDA.- Obrigas da Fundación CETMAR e a Fundación Ayuda en Acción

As entidades beneficiarias deberán:

1. Executar a intervención referida na cláusula primeira.
2. Aportar 26.451,15 € para a execución do proxecto.
3. Para realizar esta aportación as entidades beneficiarias poderán recorrer aos seus medios propios ou a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será ao seu risco e ventura e asumirán os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.
4. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
5. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial e nos rexistros públicos, consonte co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e ao sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
7. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.
8. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.
9. Xustificar, mediante declaración asinada e previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. As entidades, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorizan ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración

Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

10. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.

11. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, lugar e prazo de execución ou xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

12. De acordo co que establece o artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as entidades beneficiarias asumirán os compromisos de execución do convenio e o importe da subvención será xestionado por cada unha delas, de acordo coa seguinte distribución: 237.872,72 € por Fundación CETMAR e 212.127,28 € por Fundación Ayuda en Acción.

TERCEIRA.- Convenio marco de colaboración

Para garantir a operatividade deste convenio, as entidades Fundación CETMAR e a Fundación Ayuda en Acción teñen asinado con data 16 de marzo de 2022 un acordo de colaboración, no que fan constar que será a Fundación CETMAR quen asuma o liderado ante a Xunta de Galicia e será responsable perante a Xunta de Galicia da coordinación global do proxecto, contraendo a responsabilidade contractual tanto pola execución do proxecto como pola emisión dos informes.

Así mesmo, a FUNDACIÓN CETMAR comprométese a responsabilizarse do control financeiro contable e unificado do proxecto e da comunicación ante a Xunta de Galicia de todos os ingresos e gastos derivados da súa execución.

CUARTA.- Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, do custo total do proxecto, que ascende a catrocentos setenta e seis mil catrocentos cincuenta e un euros con quince céntimos (476.451,15 €), aboará á Fundación CETMAR a contía máxima de catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria e distribución seguintes:

Aplicación	2022	2023	2024
05.26.331A.490.0.	150.000,00	150.000,00	150.000,00

QUINTA.- Pagos anticipados

Trala sinatura do presente convenio e previa petición da Fundación CETMAR, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea concederá un anticipo pola contía máxima do importe da anualidade correspondente ao ano 2022, de acordo co previsto no artigo 94.3 a) da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia para afrontar os pagos inmediatos na execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia asinada dixitalmente polo representante legal da Fundación CETMAR.

- Xustificación, a través de declaración asinada dixitalmente polos representantes legais da Fundación CETMAR e da Fundación Ayuda en Acción de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pago da subvención das anualidades 2023 e 2024 efectuarase mediante pago anticipado do 100% da subvención concedida para cada unha das anualidades, unha vez xustificada a anualidade anterior correspondente e previa petición da Fundación CETMAR.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que a Fundación CETMAR indique mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

SEXTA.- Xustificación dos pagamentos

Para a xustificación das anualidades 2022 e 2023 a Fundación CETMAR deberá presentar:

- Informe anual sobre as tarefas realizadas e os resultados obtidos.
- Certificación dos gastos realizados e pagados co importe da subvención concedida en cada anualidade pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

- Unha relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número das facturas ou dos documentos xustificativos, identificación do emisor dos mesmos, descrición do gasto, importe en euros e data e forma de pago dos mesmos.

A xustificación final efectuarase por parte da Fundación CETMAR mediante a presentación da xustificación técnica e económica da execución das actividades subvencionadas, nun prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo no artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e con data límite o 31 de marzo de 2025.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos realizarase de conformidade co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007.

A Fundación CETMAR deberá presentar:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo secretario da Fundación.
- Unha certificación da totalidade dos gastos realizados e pagados na execución deste convenio, expedida pola secretaría da Fundación CETMAR.
- Unha declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Unha relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número das facturas ou dos documentos xustificativos, identificación do emisor dos mesmos, descrición do gasto, importe en euros e data e forma de pago dos mesmos.
- Acta de cesión de bens, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.



Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

SÉTIMA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

OITAVA.- Publicidade

A Fundación CETMAR obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade.

NOVENA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, un representante da Fundación CETMAR e outro da Fundación Ayuda en Acción.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

DÉCIMA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento dalgunha das partes.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

UNDÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas dende o mes de xaneiro de 2022, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Este prazo poderá ser ampliado automaticamente ata o 30 de xuño de 2025, sen necesidade de autorización previa da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e unha vez comunicado pola entidade beneficiaria, antes do 31 de decembro de 2024, de acordo co establecido no artigo 94.3 c) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Poderá solicitarse unha segunda prórroga antes de que expire a primeira fundamentada en situacións ou fenómenos excepcionais e imprevisibles, como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatorias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa á execución da actuación subvencionada, que haberán de acreditarse de forma fidedigna e sempre que non concorran circunstancias imputables á entidade beneficiaria. Nesta segunda ampliación excepcional, o novo prazo outorgarase polo tempo indispensable para facilitar que o beneficiario supere as ditas circunstancias ou continxencias.

Conforme ao artigo 94.3 d) de la Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o prazo de xustificación da subvención será de tres meses desde a data de finalización da actuación financiada ou subvencionada, a contar desde a data de finalización da execución do proxecto, con independencia de que se supere o límite do exercicio orzamentario.

DUODÉCIMA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

DÉCIMO TERCEIRA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- Reintegro por incumprimento

Se as entidades beneficiarias incorresen en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade destas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais a que proceda.

Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO QUINTA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerese polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos

xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase electronicamente polas partes na data indicada.

O VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Alfonso Rueda Valenzuela

A DIRECTORA XERENTE DA FUNDACIÓN
CETMAR

O DIRECTOR XERAL DA FUNDACIÓN
AYUDA EN ACCIÓN

Paloma Dolores Rueda Crespo

Fernando José Mudarra Ruiz

ANEXO

OBXECTIVO XERAL: Contribuír á mellora das condicións de vida e á seguridade alimentaria e nutricional nas comunidades do distrito de Namaacha (Mozambique).

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Incrementar as fontes de ingresos e o acceso a unha alimentación da poboación do distrito de Namaacha a través do reforzo do sector pesqueiro e acuícola, do fortalecemento da cadea de valor e da mellora da seguridade alimentaria.

Resultado 0: Definición dos mecanismos de xestión técnica e económica para a implementación do proxecto.

Actividade 0.1. Constitución da estrutura de xestión técnica e económica da intervención.

Actividade 0.2. Revisión e planificación do traballo.

Actividade 0.3. Seguimento e control da acción.

Resultado 1: Fortalecida a gobernanza das administracións locais no distrito de Namaacha en materia de pesca, acuicultura e seguridade alimentaria e nutricional.

Actividade 1.1. Creación dun espazo de diálogo entre o persoal das autoridades e o sector para coñecer a situación actual e detectar as necesidades existentes no sector.

Actividade 1.2. Formación do persoal técnico da administración para a definición duna folla de ruta para o sector.

Actividade 1.3. Elaboración e posta en marcha dunha folla de ruta para o sector coa participación do persoal técnico das administracións locais.

Resultado 2: Fortalecida a cadea de valor de pesca e acuicultura no distrito de Namaacha.

Actividade 2.1. Estudio das necesidades dos pescadores de Namaacha e tipoloxía de embarcacións utilizadas noutros ríos de Mozambique para aportar solucións construtivas/adaptativas que respondan aos criterios de ergonomía, seguridade do seu uso e economía de construción.

Actividade 2.2. Implementación de melloras mediante a formación en reparación, adaptación ou construción de embarcacións a través de "aprender facendo" para pescadores e outros actores do distrito de Namaacha con capacidade de desenvolver negocios na industria auxiliar de construción e reparación.

Actividade 2.3. Identificación e deseño de propostas piloto que melloren as artes de pesca utilizadas na área, orientadas a aumentar a produtividade (uso de nasas, outras redes, etc.).

Actividade 2.4. Formación en fabricación e reparación de artes de pesca para pescadores e outros actores do distrito de Namaacha con capacidade de

desenvolver negocios na industria auxiliar do sector pesqueiro. Implementación dun piloto de redes e aparellos mellorados.

Actividade 2.5. Formación a pescadores e acuicultores do distrito de Namaacha en construción/rehabilitación de estanques de acuicultura a través de "aprender facendo" para a conservación de capturas procedentes do medio natural e posibilidade de cría de tilapia con xuvenís obtidos do medio natural.

Actividade 2.6. Realizar un estudio de mercado de produtos da pesca e acuicultura, tendo en conta os mercados locais de proximidade así como a posible venta nas cidades e los compradores potenciais.

Actividade 2.7. Formación para a comunidade implicada e persoal técnico en asociacionismo e técnicas organizativas para, polo menos, 60 participantes (20 cada ano).

Actividade 2.8. Formación en organización e xestión desde o punto de vista do negocio, para, polo menos, 60 participantes (20 cada ano) das asociacións, pequenas-medias empresas e pescadores e acuicultores individuais.

Actividade 2.9. Desenvolvemento de metodoloxías que permitan engadir valor aos produtos da pesca e acuicultura.

Actividade 2.10. Formación de pescadores, acuicultores e comerciantes de pescado en técnicas de conservación e procesado de produtos da pesca e acuicultura para a súa comercialización e consumo. Implementación dun proceso de conservación mellorado e comercializado.

Resultado 3: Mellorada a seguridade alimentaria a través da promoción do consumo de produtos de pesca e acuicultura entre as comunidades.

Actividade 3.1. Formación de 10 activistas da rede de Ayuda en Acción nas localidades de Changalane e Mahelane.

Actividade 3.2. Promoción da importancia do consumo de pescado para a alimentación, especialmente infantil, en escolas das localidades de Changalane e Mahelane.

Actividade 3.3. Realización de formación e capacitación dos agregados familiares das localidades de Changalane e Mahelane sobre prácticas culinarias melloradas cos produtos pesqueiros e acuícolas para a súa introdución na dieta.

Actividade 3.4. Sensibilización aos pescadores/produtores/comerciantes e ás comunidades en xeral das localidades de Changalane e Mahelane sobre os beneficios e alto poder nutritivo dos produtos pesqueiros e acuícolas e a súa influencia na Soberanía Alimentaria e Nutricional (SAN).

FINANCIAMENTO

Financiamento Xunta de Galicia			
Concepto	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024
Aluguer de inmobles	364,29	507,14	507,14
Construción	1.500,00		
Bens inventariables	3.800,00	4.500,00	4.199,88
Bens consumibles	7.049,05	4.587,00	5.964,95
Persoal	40.567,89	58.244,59	58.244,59
Servizos técnicos e profesionais	57.835,40	36.591,16	37.870,48
Funcionamento en terreo	1.772,57	2.444,57	2.444,57
Viaxes, aloxamento e axudas de custo	23.457,76	23.352,50	20.995,36
Avaliación		6.000,00	6.000,00
Gastos financeiros	540,00	660,00	660,00
Gastos de xestión	13.113,03	13.113,03	13.113,03
Total anualidades	150.000,00	150.000,00	150.000,00

Achega entidades beneficiarias	26.451,15 €
---------------------------------------	--------------------

Total proxecto	476.451,15 €
-----------------------	---------------------